

## **TERCEIRA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA**

No Salón Azul do Concello de A Coruña, sito na Praza de M<sup>a</sup> Pita s/n, ás 9.30 horas do día 6 de novembro de 2015, previamente convocado, réunese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal) para a realización da segunda fase do proceso (entrevista) aos aspirantes que integran a lista definitiva para a cobertura dunha praza de xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio).

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Sagrario Ron López
- Vogal: D. Jesús Casás López
- Vogal: D. Antonio Couceiro Méndez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Secretario: D. Manuel José Díaz Sánchez

Asisten, como persoal técnico:

- Dna. Alejandra Cueto Cibeira, Asistente de Relacións Externas nos Museos Científicos, para o asesoramento en lingoas estranxeiras ao Tribunal.
- Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Pinell Cienfuegos, Administradora do Consorcio, en funcións de apoio a Secretaría do Tribunal

Previamente á entrada dos aspirantes no Salón Azul, delibérase por parte do Tribunal sobre o contido da entrevista, acordando as partes que se realizarán en castelán, galego e inglés por parte dos aspirantes durante a entrevista.

Acórdase, por unanimidade, en execución das bases da convocatoria, distribuir a puntuación máxima de 20 puntos correspondentes a presente fase, nos seguintes subapartados e puntuacións máximas:

- Valoración da memoria presentada (contido): 5 puntos
- Valoración da memoria presentada (defensa): 5 puntos
- Nivel de inglés durante a entrevista: 8 puntos
- Nivel de galego durante a entrevista: 2 puntos.

Conforme á previsión establecida nas bases, de non obter nesta fase, ao menos dez puntos (10) na mesma, en conxunto, pola suma resultante dos apartados anteriores, o Tribunal poderá declarar a non cobertura do posto de traballo.

De conformidade co establecido na Base 9.2 da convocatoria, procédese a realización da segunda fase:

As 10.00 horas, chámase e entrevístase á primeira aspirante convocada Dna. M<sup>a</sup> Luisa López Morales, desenvolvéndose a entrevista en castelán, inglés e galego.

As 10.40 horas, chámase e entrevístase ao segundo aspirante convocado D. Jesús Mier Barrenechea desenvolvéndose a entrevista en castelán, inglés e galego

As 11.20 horas, o Secretario D. Manuel José Díaz Sánchez abandona a sala, por ter que concorrer á sesión da Xunta de Goberno Local, asumindo as funcións de Secretaría Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Pinell Cienfuegos, secretaria suplente do Tribunal.

As 11.21 horas, chámase e entrevístase á terceira aspirante convocada Dna. Celsa Patiño del Río desenvolvéndose a entrevista en castelán, inglés e galego

As 12.00 horas, incorpórase o Secretario titular D. Manuel José Díaz Sánchez, permanecendo a Sra. Secretaria suplente como persoal de apoio.

O Tribunal prosegue a deliberación tras as exposicións e entrevistas realizadas aos aspirantes, e estimando o baixo nivel do idioma inglés demostrado, insuficiente para o desenvolvemento das tarefas que corresponden ao xerente do Consorcio, para as que constitue unha ferramenta de relación imprescindible; visto asimesmo o contido básico das memorias presentadas e a insuficiencia das mesmas, o análise igualmente insuficiente dos factores de referencia, a falta de propostas e a xeneralidade das mesmas, tanto nas memorias, como nas respostas dos aspirantes ás cuestións e aclaracións formuladas, o Tribunal decide, por unanimidade, outorgar a seguinte puntuación:

CANDIDATO/A	NIVEL DE INGLÉS 8 PUNTOS	CONTIDO DA MEMORIA 5 PUNTOS	DEFENSA DA MEMORIA 5 PUNTOS	NIVEL DE GALEGO 2 PUNTOS	TOTAL PUNTUACION
<b>Dna. M<sup>a</sup> Luisa López Morales</b>	2	2	1	1	<b>6</b>
<b>D. Jesús Mier Barrenechea</b>	2	2	1	0	<b>5</b>
<b>Dna. Celsa Patiño del Río</b>	3	2	2	1	<b>8</b>

Ningún dos candidatos obtén, no seu conxunto, a puntuación mínima precisa de dez puntos (10) para a superación da proba.

## **PUNTUACIÓN DEFINITIVA:**

<b>CANDIDATO/A</b>	<b>PUNTUACION OBTIDA NA PRIMEIRA FASE</b>	<b>PUNTUACION OBTIDA NA SEGUNDA FASE</b>	<b>PUNTUACION TOTAL DO PROCESO</b>
<b>Dna. M<sup>a</sup> Luisa López Morales</b>	32	6	<b>38</b>
<b>D. Jesús Mier Barrenechea</b>	32	5	<b>37</b>
<b>Dna. Celsa Patiño del Río</b>	32	8	<b>40</b>

De conformidade co establecido na Base 9.2 da convocatoria, ao non obter ningún dos candidatos a puntuación mínima de 10 puntos, na presente fase de entrevista, o Tribunal, por unanimidade, declara a non cobertura do posto de traballo (segundo a previsión contida nas bases reguladoras), e polo tanto, non propón á Presidencia do Consorcio ningún nomeamento, formulando a proposta de deixar deserta a presente convocatoria para a cobertura dunha praza de xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña, ao non terse obtido a puntuación mínima requirida na segunda fase da convocatoria. Establécese un prazo de dez días hábiles para posibles alegacións.

Sendo as 12.15 horas, dáse por concluída a sesión da que, como Secretario, estendo a presente Acta que asinan comigo os restantes membros do Tribunal.

A Coruña a 6 de novembro de 2015